LAZA

Comunidade titular: Parroquia de San Xoán de Laza (Laza)
Forma xurídica: MVMC
Superficie: 2.451 ha
N.º de comuneiras/os: 182 (64 mulleres, 118 homes)
N.º mulleres no órgano de goberno: 1 (de 3)

Soutos no monte Mallada Grande

Panorámica do val de Laza desde a Peneda das Pisadiñas, cos montes da Travesa e Touza no fondo

CONTEXTO

Situación

Os montes da Travesa, Lastredo, Mallada Grande e Touza atópanse na zona sur do Macizo Central Ourensán, situándose a ambos os dous lados do río Támega. Ao suroeste da capital municipal e da parroquia titular, que comprende os lugares de Laza, Cimadevila e Souteliño, encóntranse os vales que forman varios ríos, regos e corgos na vertente oriental do Alto de Montouto e Pico de Meda. Ao norte, o monte comprende os vales formados polo río de Cabras e o rego de Cáliz. O intervalo de altitudes comprendido entre os 450 e os 1100 metros explica a presenza dun clima tipicamente mediterráneo nos fondos dos vales, mentres que as zonas altas presentan unha menor influencia deste clima.

Síntese histórica

Laza e o val do Támega foron historicamente un lugar de tránsito estratéxico, como ilustra a existencia dunha vía romana (ligada á Via XVIII) que continuaría en uso como camiño medieval e moderno, hoxe vía xacobea. A primeira referencia documental á vila é do ano 950 e, posteriormente, o Couto de Laza pasaría a estar baixo o señorío do Morgado de Oca e Sarmiento, fundado en 1528 na Casa de Celme. A inclusión dos montes veciñais no Catálogo de montes de utilidade pública comeza en 1917 (co monte da Travesa) culminando o proceso a comezos dos anos 1940.

Entre 1948 e 1996 estiveron baixo xestión da administración, primeiro mediante consorcio co Patrimonio Forestal do Estado e ICONA e posteriormente mediante convenio coa Xunta. A clasificación como montes veciñais produciuse en 1976 e a comunidade titular rescindiu os convenios coa administración en 2004. Mantense no monte veciñal unha base de helicópteros na que está sediada a única Brigada de Reforzo en Incendios Forestais (BRIF) existente na Galiza, unidade helitransportada dependente do MITECO. A comunidade tamén conta cun edificio para uso social, mantén varias áreas recreativas e recentemente adquiriu terreos para construír unha residencia para persoas maiores.

Cabaliño do demo azul (*Calopteryx virgo*)

Sapiño comadrón macho con ovos (*Alytes obstetricans*)

Píntega común (*Salamandra salamandra*)

AUTORÍA E CONTRIBUCIÓNS

Joám Evans Pim
Rosa Novoa Ferreira
Manuel Vaz Alvarez
Jordi Borrás Galián
Belén Albor
Bruno Ruival
Óscar Rivas
Marcos Reinoso





Poza para anfibios e insectos na área recreativa do Monte Touza

VALORES DE CONSERVACIÓN

O territorio veciñal é colindante coa Zona de Especial Conservación do Río Támega, estando incluídos todos os cursos fluviais que decorren polo monte nas unidades ambientais do Plan Director da Rede Natura 2000. A pesar de que se trata dun monte cunha orientación eminentemente produtiva, a comunidade vén traballando para recuperar os bosques de ribeira nos fondos das valgadas e consolidando as masas de frondosas nas zonas próximas, contando actualmente cunhas 200 hectáreas. Case a totalidade do monte se encontra certificado en FSC co servizo ecosistémico SE1 de conservación da biodiversidade, polo seu impacto positivo na categoría SE1.6 de conservación da diversidade de especies.

Destaca especialmente o canón do río de Cabras (Canón da Armada), con boas mostras de bosque de ribeira (91E0*), carballeiras (9230) e soutos (9260). Este canón é unha zona que se caracteriza por unha forte pendente e por contar cunha mestura de coníferas adultas procedentes de repoboación (*Pinus pinaster*) en quenda de corta e frondosas de diferentes especies (*Quercus robur*, *Quercus pyrenaica*, *Fraxinus angustifolia*, *Castanea sativa*, *Prunus avium*, *Betula celtiberica*, *Alnus lusitanica*, *Salix sp.*, *Crataegus monogyna*, *Arbutus unedo*, etc.). Esta área é de interese para a conservación da aguia real (*Aquila chrysaetos*), especie ameazada e que conta con territorios activos en zonas próximas, constituíndo o contorno do canón unha área potencial de expansión da especie.

A maior parte da superficie do monte está repoboada con *Pinus pinaster*, que é substituído a partir dos 900 metros de altitude por *Pinus sylvestris*. Máis da metade do arboredo actual provén da restauración forestal posterior a un grande incendio que se produciu nos anos noventa. En anos posteriores producíronse numerosos incendios que foron xerando situacións de destrución da masa forestal.

Nas zonas con masas maduras de *Pinus pinaster* existe un sotobosque rico e diverso de frondosas. Actualmente estanse realizando cortas de piñeiros para liberar o potencial deste rexenerado natural que facilite a sucesión ecolóxica para recuperar as masas de frondosas. Tamén destaca a presenza de manchas de espiños (*Crataegus monogyna*) e érbedos (*Arbutus unedo*).

No val do río de Souteliño iniciouse durante a II Guerra Mundial unha explotación de estaño e volframio, que continuaría intermitentemente durante varias décadas, traballando os filóns do Lombo do Cibro e do Monte Sidorio, así como aluviais. Na zona existen varias galerías e fosos mineiros abandonados (hábitat 8310) con presenza de poboacións de quirópteros de grande interese. Tamén hai constancia da presenza permanente de lobo (*Canis lupus signatus*) e mesmo houbo varios avistamentos de osos (*Ursus arctos*) en tempos recentes.

Entre o patrimonio cultural presente no monte veciñal destacan os petróglifos das Pisadiñas, para os que a comunidade sinalizou en 2020 a ruta de acceso e colocou paneis informativos. Trátase dunha estación rupestre cun panel central que presenta unhas 100 coviñas de varios tamaños, liñas, círculos, ferraduras, podomorfos (pisadas), símbolos fálicos, cruciformes, tridentes e dúas mans. O treito da Vía da Prata entre Eiras e Laza decorre na súa maior parte por terreos do monte veciñal. No Pico de Meda hai constancia dunha antiga fortaleza, o Castelo do Alto do Seixo ou Pena Rachada, e no fondo dese val o xacemento arqueolóxico das Telleiras. Ao norte do Támega encóntranse as antigas minas auríferas do Regueiro da Boca explotadas en época romana.

Panel interpretativo de hábitats de anfibios no Monte Touza

Bidueiros e masas de Pinus sylvestris no Monte Touza

BOAS PRÁCTICAS

Recuperación de bosques de frondosas

Logo de décadas dominadas por sucesivos incendios, a comunidade apostou pola recuperación progresiva das masas de frondosas, que actualmente están presentes nunhas 200 hectáreas de monte. As actuacións comezaron a partir dos bosques de ribeira presentes nos ríos e regos, ampliando as masas cara a zonas lindeiras, seguindo unha estratexia que busca mellorar a conectividade ecolóxica e crear paisaxes cortalumes.

A comunidade procurou o apoio de distintas entidades sociais, deportivas e empresariais para realizar plantacións de frondosas en zonas nas que se eliminaron as masas de piñeiro. En 2023 plantouse un milleiro de frondosas nunha colaboración coa Fundación RC Deportivo, ABANCA e o Grupo Naturalista Hábitat. Para o financiamento das iniciativas de conservación tamén se rexistraron varios proxectos de absorción de carbono no MITECO.

Acordos de custodia do territorio e conservación de hábitats de anfibios

En 2020 a comunidade subscribiu un acordo de custodia do territorio coa Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT) centrado en tres obxectivos: mellora do estado de conservación de seis pozas artificiais renaturalizadas no monte Touza; mellora do estado de conservación do canón do río de Cabras e avaliación do interese para os morcegos das cavidades mineiras presentes no monte xunto con accións de conservación das colonias presentes.

Nunha primeira fase o traballo centrouse na conservación das pozas, mantendo as achegas de auga, mellorando as marxes e facendo un seguimento das poboacións de anfibios e réptiles.

O acordo tamén contempla a eliminación progresiva, atendendo ás quendas de corta, dos piñeiros do canón do río de Cabras e á realización de rozas selectivas nesta mesma zona para o mantemento de áreas abertas e de matogueira que favorezan a presenza de presas potenciais para a aguia real. En relación ás colonias de morcegos, establécese a instalación de peches permeábeis e o seguimento das colonias.

Poza renaturalizada a partir dun punto de carga de auga para incendios

Posta en valor do patrimonio cultural

En 2018 a comunidade puxo en andamento un proxecto de sinalización e valorización da Estación de Arte Rupestre das Pisadiñas, situada nunha ladeira ao norte de Laza. Trátase dun conxunto de sete petróglifos, próximos á mina de ouro romana do Regueiro da Boca, cuxo panel principal presenta un cento de gravados. Entre 2013 e 2014 a comunidade colaborou co proxecto de investigación Alto Támega, coa participación da Universidade de Vigo, a Asociación Alto Támega e a Sociedade Antropolóxica Galega, do que xurdiu a proposta de posta en valor.

Para a intervención contouse co Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da Universidade de Vigo. Nunha primeira fase, realizada en 2018, procedeuse á limpeza e talla controlada dos piñeiros da ladeira, abrindo o campo visual do val do Támega desde o xacemento e previndo posíbeis danos futuros aos afloramentos en caso de incendios. En 2020 realizouse unha segunda fase de sinalización, interpretación e divulgación, incluíndo o deseño dun roteiro até a zona, cuxo mantemento vén asumindo a comunidade. Tamén se creou unha páxina web para dar a coñecer este elemento cultural.

A comunidade xoga un importante papel na dinamización cultural de Laza, achegando anualmente fondos para a celebración das festas do Entroido de Laza, declaradas Ben de Interese Cultural.

Conectividade ecolóxica

A **conectividade ecolóxica** refírese á capacidade de conexión entre organismos no contexto de territorios fragmentados (por exemplo, pola presenza de infraestruturas como estradas, núcleos urbanos ou actividades agrícolas, forestais ou industriais). Isto determina a posibilidade de que as poboacións dunha especie poidan relacionarse con individuos doutras poboacións e manter o acceso ao alimento que precisan. Conforme a Directiva Hábitats, determinados elementos lineais (como os ríos e as súas ribeiras) ou puntos de conexión (como as pozas) son chave para facilitar a distribución xeográfica, migracións e intercambios xenéticos entre especies, formando corredores de biodiversidade.

Bosque de ribeira no canón do río de Cabras

Petróglifos da Peneda das Pisadiñas e panel interpretativo dos gravados

FONTES E RECURSOS

- Amado Rolán, Nieves (2021). "A Estación de Arte Rupestre das Pisadiñas (Laza, Ourense): a súa interpretación e valorización," *Raigame*, 45, pp .82-91. Dispoñíbel en: https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/7936615.pdf
- Comendador Rey, B.; González Insua, F. (2014). "Proxecto Alto Támega: Accións na Paisaxe Patrimonial," in Lameiras Fernández, M. et al., Coords., *Proxectos INOU 2013, Investigación aplicada na provincia de Ourense*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 195-223. Dispoñíbel en: https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=9340533
- Fondo Documental do Monte Galego (1976). Carpeta ficha do monte veciñal en man común de Travesa, Lastredo e Mallada Grande. Dispoñíbel en: https://documentacionmontegalego.xunta.gal/gl/documentos/carpeta-ficha-do-monte-vecinal-en-man-comun-travesa-lastredo-e-mallada-grande
- Fondo Documental do Monte Galego (1976). Carpeta ficha do monte veciñal en man común de Touza. Dispoñíbel en: https://documentacionmontegalego.xunta.gal/gl/documentos/carpeta-ficha-do-monte-vecinal-en-man-comun-touza-clasificado-2
- Plataforma Custodia del Territorio (2021). "Los vecinos comuneros de Laza, en Orense, apuestan por la custodia del territorio," *Custodia del Territorio*. Dispoñíbel en: https://www.custodia-territorio.es/novedades/los-vecinos-comuneros-de-laza-en-orense-apuestan-por-la-custodia-del-territorio

A COMUNIDADE NA REDE

www.daspisadinhas.blogspot.com

CAPRIf-CC

Socios:

Fundación Juana de Vega

CENTRO DE ESTUDIOS EUROREXIONAIS GALIZA NORTE DE PORTUGAL

montescola

CETEMAS
CENTRO TECNOLÓXICO FORESTAL Y DE LA MADERA

Financiado por:

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

CAPRIf-CC

O proxecto CAPRIF-CC conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerativoEU.